

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 25 de agosto de 2023**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día vinte e cinco de agosto do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de Rafael Domínguez Artime, Vicepresidente segundo da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, , Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Gabriel Rodríguez Alonso, Secretario Acctal., e está presente a Viceinterventora Susana Escaloni Varela.

Non asiste o Ilmo. Sr. Presidente *Luis López Diéguez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Conselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32915.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 18 de agosto de 2023.

2.32916.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO “TRASLADO DO PARQUE DE MAQUINARIA AO POLÍGONO DE BARRO” (Expte. 2021064404)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2021 (acordo nº 14.31135), encargou á empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, a execución de todas as actuacións derivadas da restauración ambiental da Xunqueira de Alba, con efectos do 1 de xaneiro de 2022 e ata o remate definitivo das actuacións da que trae causa dito encargo, de conformidade cos pregos de prescricións técnicas, os orzamentos retarifados e os proxectos que obran no expediente administrativo da súa razón.



Resultando.- Que entre ditas actuacións atópase a derivada do traslado do parque de maquinaria ao Polígono de Barro (proxecto elaborado por PROYFE S.L., co CSV OEBZS8YTU4ZIS5ND), cun prazo de execución de oito (8) meses, contado desde a data de formalización da acta de comprobación do reformulo, acto que tivo lugar o 31 de xaneiro de 2022 entre os representantes da empresa e a dirección facultativa, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o 30/09/2022; prazo ampliado posteriormente ata o 28 de febreiro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno de data 16 de setembro de 2022 (acordo nº 10.32104).

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o 13.01.2023, acordou aprobar o proxecto modificado da obra “TRASLADO DO PARQUE DE MAQUINARIA AO POLÍGONO DE BARRO”, por importe de 2.745.532,96 € e conceder unha prórroga de UN (1) MES na execución do citado proxecto, establecendo como data para finalizar a obra o 28 de marzo de 2023, prazo ampliado ata o 28 de maio de 2023 por acordo da Xunta de Goberno nº 14.32451, de data 17 de marzo de 2023 e posteriormente ata o 28 de agosto de 2023 por acordo da Xunta de Goberno nº 8.32650, de data 19 de maio de 2023.

Resultando.- Que o 16.08.2023 (registro web2023048973) tivo entrada no Rexistro da Deputación de Pontevedra escrito da empresa TRAGSA a través do cal solicita a ampliación do prazo de execución do citado proxecto por un período de DOUS (2) MESES, ata o 27 de outubro de 2023, xa que logo “[...] debido ás continuas subas de prezos dos derivados do petróleo, o expediente publicado da capa de firme quedou deserto, circunstancia que obrigou a iniciar unha nova contratación de expedientes.

*Por outro lado, e debido a que non se dispoñe de enerxía definitiva na obra na data actual, isto condiciona a posta en funcionamento e comprobación de todas as instalacións, o que fai inviable poder finalizar na data prevista.*

*Así mesmo, se están redactando os proxectos de legalización de todas as instalacións e adecuándoos á realidade da obra.*

*A todo isto, temos que engadir a folga do sector do metal, durante finais do mes de xuño e principios de xullo, que tamén supuxo un retraso nos subministrados de materiais metálicos para a finalización da obra...”*

Resultando.- Que con data 17/08/2023 emitiu informe a dirección facultativa recollendo que as causas alegadas de demora non son imputables á empresa e que as características técnicas das obras non se verán afectadas por esta ampliación, entendendo xustificada a concesión da prórroga do prazo de execución ata o 27 de outubro de 2023.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polos Xefes dos Servizos de Asistencia Intermunicipal e de Contratación, do Secretario Accidental e do Interventor, informando favorablemente a ampliación de prazo solicitada.

Considerando.- Que o réxime xurídico dos encargos a medios propios ven determinado polos artigos da LCSP dedicados a estes (artigos 32 e 33), e en relación a TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, pola disposición adicional 24ª da LCSP e polo R.D. 69/2019, do 15 de febreiro.



Que da súa lectura conxunta conclúese que as relacións de TRAGSA cos poderes adjudicadores dos que son medios propios teñen natureza instrumental e non contractual, polo que a todos os efectos son de carácter interno, dependente e subordinado, estando obrigada a realizar, con carácter exclusivo, os encargos que aqueles lles encomenden.

Considerando.- Que a pesar de que nalgúns aspectos existe unha remisión expresa á LCSP, ningún dos preceptos nin normativa citada establece unha regulación concreta respecto aos prazos de execución dos proxectos obxecto de encargo; e por iso que razóns de seguridade xurídica e a aplicación analóxica das normas (artigo 4.1 do Código Civil), aconsellan acudir aos artigos da Lei de Contratos que, con carácter xeral, regulan esta materia.

Considerando.- Que o artigo 195.2 da LCSP sinala que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos si se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor; o responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o retraso produciuse por motivos imputables ao contratista.

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001, establece que se a petición do contratista se formulase no último mes de execución do contrato, a Administración deberá resolver sobre a devandita petición antes dos quince días seguintes á terminación do mesmo. Durante este prazo de quince días, non poderá continuar a execución do contrato, o cal se considerará extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegase a prórroga solicitada, ou non resolverse sobre ela.

Considerando.- Que de conformidade co establecido nas bases de execución do orzamento provincial a competencia para aprobar esta prórroga lle corresponde á Xunta de Goberno.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa TRAGSA S.A. S.M.E.M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, unha prórroga de DOUS (2) MESES na execución do proxecto de traslado do Parque de Maquinaria ao Polígono de Barro, establecendo como data para finalizar a obra o 27 de outubro de 2023.

3.32917.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 1 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ANO 2022 (Expte 2023004479)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 17/02/2023 acordou adjudicar á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., o “Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2022”, por un importe de 665.125,49€ e un prazo de execución de SEIS MESES.



Resultando.- Que con data 22/03/20023 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 22/09/2023

Resultando.- Que con data 26/07/2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de TRES (3) MESES, debido ós retrasos producidos na fabricación e no subministro dos materiais correspondentes ás partidas pendentes de executar do contrato, e debido á falta de man de obra cualificada que afecta severamente ao sector da construción.

Resultando.- Consta no expediente informe do director de obra (CSV) BFI6GGOG7NSNDDRV no que se recolle que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra no prazo solicitado de TRES (3) MESES, ata o 22 de decembro de 2023.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) BFI6GGOG7NSNDDRV no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: *“...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”*

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: *“...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”*

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: *“1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”*

Considerando.- Que en virtude da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. o Lote 1 do *“Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Norte)”*.

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.



Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adjudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á TECNICA Y PROYECTOS, S.A., para a adjudicación Contrato derivado Lote1 AM seguridade e saúde da prorroga do “*Contrato baseado Lote 1/2022 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, por un importe de 2.275,89€, IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización, CSV: KKXZZ0ENFN0FTZ42 no que se recolle na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2021053554/1, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitiuse o documento RC nº 202300175687.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., unha ampliación do prazo de execución de TRES (3) MESES no “*Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2022*”, establecendo como data para finalizar a obra o día 22/12/2023, a partires da cal, de non estar terminada, se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adjudicar á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. (CIF A28171288) o Contrato derivado Lote1 AM seguridade e saúde da prorroga do “*Contrato baseado Lote 1/2022 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2023055177) por un importe de 2.275,89 € de acordo co seguinte detalle:

Importe .....	1.880,90 €
IVE (21 %) .....	394,99 €
Importe total .....	2.275,89 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante os TRES (3) MESES polos que se amplía o prazo de execución do contrato de obras “*Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2022*” con efectos dende o 22/09/2023

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023055177.



4.32918.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 2 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ANO 2022 (Expte 2023004480)

Resultando.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 17/02/2023 acordou adxudicar á UTE NAROM, S.L.-AUDECA, S.L., o “*Contrato derivado Lote 2 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2022*”, por un importe de 738.228,55 € e un prazo de execución de SEIS MESES.

Resultando.- Con data 23/03/2023 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 23/09/2023.

Resultando.- Con data 28/07/2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de TRES (3) MESES, debido ós retrasos producidos na fabricación e no subministro dos materiais correspondentes ás partidas pendentes de executar do contrato, e debido á falta de man de obra cualificada que afecta severamente ao sector da construción.

Resultando.- Consta no expediente informe do director de obra (CSV) K7SLZ4P7TR3ZY4SY no que se recolle que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra no prazo solicitado de TRES (3) MESES, ata o 23 de decembro de 2023.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) 46JCXIFU2RUXQPPZ que se recolle que en atención ó informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”



Considerando.- Que en virtude da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. o Lote 2 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. para a adxudicación Contrato derivado Lote2 AM seguridade e saúde da prorroga do Contrato baseado Lote 2/2022 do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, por un importe de 1.815,00 € IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización, CSV: USDRLVWLLD0YL846 no que se recolle na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2021053554/2, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíuse o documento RC nº 202300175715.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á UTE NAROM, S.L.-AUDECA, S.L., unha ampliación do prazo de execución de TRES (3) MESES no “Contrato derivado Lote 2 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2022” establecendo coma data para finalizar a obra o día 23/12/2023, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF B81470841) o Contrato derivado Lote 2 do AM de seguridade e saúde da prorroga do “Contrato baseado Lote 2/2022 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra” (Expte. 2023055179) por un importe de 1.815,00 € de acordo co seguinte detalle:

Importe .....	1.500,00 €
IVE (21 %) .....	315,00 €
Importe total .....	1.815,00 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante os TRES (3) MESES polos que se amplía o prazo de execución do contrato de obras “Contrato derivado Lote 2 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2022” con efectos dende o 23/09/2023



Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023055179.

5.32919.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 3 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ANO 2022 (Expte 2023004488)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 17/02/2023 acordou adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., o “Contrato derivado Lote 3 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2022”, por un importe de 595.972,96 € e un prazo de execución de SEIS MESES.

Resultando.- Que con data 13/03/2023 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 13/09/2023.

Resultando.- Que Con data 21/07/2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de TRES (3) MESES, debido ós retrasos producidos na fabricación e no subministro dos materiais correspondentes ás partidas pendentes de executar do contrato, e debido á falta de man de obra cualificada que afecta severamente ao sector da construción

Resultando.- Consta no expediente informe do director de obra (CSV) V6I3TQCD4IKA4XBC no que se recolle que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra no prazo solicitado de TRES (3) MESES, ata o 13 de decembro de 2023.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) 13J71K8RECUIBPAK no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”





Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. *A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinal do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...*”

Considerando.- Que en virtude da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A. o Lote 3 do “*Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)*”.

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A. para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde da prórroga do “*Contrato baseado Lote 3/2022 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, por un importe de 2.085,00 €, IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización, no que se recolle que na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2021053554/3, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitiuse o documento RC nº 202300175634.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., unha ampliación do prazo de execución de TRES (3) MESES, no “*Contrato derivado Lote 3 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2022*”, establecendo coma data para finalizar a obra o día 13/12/2023, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A. (CIF A82876905) o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde da prórroga do “*Contrato baseado Lote 3/2022 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, (Expte. 2023055175), por un importe de 2.085,00€ de acordo co seguinte detalle:

Importe .....	1.723,14 €
IVE (21 %) .....	368,86 €
Importe total .....	2.085,00 €



Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante os TRES (3) MESES polos que se amplía o prazo de execución do contrato de obras “*Contrato derivado Lote 3 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2022*”, con efectos dende o 13/09/2023

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023055175.

6.32920.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2023054967)

Vista a relación de facturas con número 2023054967, que contén 12 facturas e por un importe de 34.013,25€ e con CSV: QMIW6S5PZVCUHNWI, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 16/08/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	34.013,25 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	34.013,25 €

7.32921.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (Expte. 2023055368) (Tesourería)

Vista a relación de facturas con número 2023055368, que contén 2 facturas e por un importe de 9.876,57 € e con CSV: S3BB8L3H4CF4Q14L, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 18/08/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	9.876,57 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	9.876,57 €



8.32922.- ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E O AFORRO DA ENERXÍA AO PROXECTO DENOMINADO PR-D5000-2021-000382 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XV: INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EFICIENTE E INTELIXENTE NOS MUNICIPIOS DA CAÑIZA, CERDEDO-COTOBADA, CUNTIS, DOZÓN, FORNELOS DE MONTES, PONTECESURES, RIBADUMIA, RODEIRO, SILLEDA E TOMIÑO”; FINANCIADO CO MARCO EUROPEO DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA E CONCESIÓN DA AXUDA COMPROMETIDA POLA DEPUTACIÓN AO SEU AMPARO AOS CONCELLOS BENEFICIARIOS. (Expte 2021052802)

Aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía ao proxecto denominado PR-D5000-2021-000382 “*Iluminación exterior sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño*”, financiado no marco Europeo de Recuperación Transformación e Resiliencia e concesión da axuda comprometida pola Deputación ao seu abeiro aos concello beneficiarios.

No expediente consta o informe da xefa do Servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

*“Informe proposta*

*Antecedentes*

- *O Ministerio para a Transición Ecolóxica publicou o 4 de agosto de 2021 (BOE núm. 185) o Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia destinado a municipios de reto demográfico.*
- *Dentro das competencias que lles confire a Lei 7/1985, de 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das bases de réxime local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d), “o fomento do desenvolvemento económico e social e a defensa dos intereses peculiares da provincia”.*
- *Neste marco de colaboración, o 13 de agosto de 2019 (rexistro de saída núm.: 2019015131) desde a Deputación de Pontevedra informáronse as entidades locais da provincia da intención da institución provincial de presentar varios proxectos singulares ao abeiro das medidas elixibles recollidas no anexo I do Real decreto 316/2019, de 26 de abril, promovidas polo Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (en diante IDAE). Como resposta á comunicación realizada pola institución provincial, recibíronse na Sede electrónica, entre outras, as solicitudes de participación de varios concellos nos citados proxectos para presentar ante o IDAE por parte da Deputación de Pontevedra.*



- Para canalizar as solicitudes de participación dos concellos considerados de “reto demográfico” é precisa a presentación de proxectos singulares, ao abeiro do Real decreto 692/2021 do IDAE (programa DUS 5000); detállase o seguinte:

Medida (anexo I)	Concellos	Proxectos singulares para presentarlle ao DUS 5000
Medida 4. Loita contra a contaminación luminosa, iluminación eficiente e intelixente, Smart rural e TIC	A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño	Iluminación exterior sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño

- Xunto coa instancia xenérica presentada, os concellos achegan o certificado do acordo adoptado polo órgano competente de adhesión ao citado proxecto e de compromiso de consignación no seu orzamento do crédito necesario para afrontar as achegas con fondos propios da entidade.
- O obxecto do proxecto consiste en reducir o consumo de enerxía final de orixe fósil e as emisións de dióxido de carbono mediante a utilización de enerxías renovables destinadas a mellorar a calidade da contorna, o coñecemento do consumo enerxético mediante a reforma das instalacións municipais de iluminación, da iluminación e da sinalización exterior existentes e mediante o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).
- Concretamente as accións consisten en:
  - Actuar en 1.613 luminarias das 26.508 totais existentes nos municipios. Respecto aos cadros de mando, contéplanse actuacións en 78 dos 1.229 existentes nos municipios, os cales serán reformados para adaptalos á normativa vixente. Ademais, instalarase un sistema de telexestión nos cadros de mando que permita obter e xestionar información detallada sobre consumos, mantemento e fluxos luminosos.
- Así, o investimento elixible do proxecto ascende a 1.198.617,11 euros.
- O 4 de novembro de 2021, mediante a Resolución presidencial número 2021006569, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto IDAE número PR-D5000-2021-000382 denominado “Iluminación exterior sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño”, no marco da “Medida 4. Loita contra a contaminación luminosa, iluminación eficiente e intelixente, Smart rural e TIC”, definida no anexo I do Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico, dentro do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (programa DUS 5000). Tras a súa avaliación, o 10 de agosto de 2023, con rexistro de entrada número 2023016753, recíbese unha resolución do director xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude e concédese a subvención con cargo aos fondos NextGenerationEU por importe de 1.018.824,49 euros, e se lle asigna ao proxecto o número IDAE PR-D5000-2021-000382.



- As actuacións incluídas xunto coa distribución do seu financiamento reflíctense na seguinte táboa:

<i>“Iluminación exterior sostible XV: Renovación da iluminación exterior en diversas zonas dos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño”</i>				
<i>Concello</i>	<i>Custo total elixible</i>	<i>Subvención máxima IDAE (85 %)</i>	<i>Achega da Deputación de Pontevedra</i>	<i>Achega do concello</i>
			<i>(8 % de fondos propios)</i>	<i>(7 % de fondos propios)</i>
<i>Cañiza, A</i>	<i>117.862,03 €</i>	<i>100.182,72 €</i>	<i>9.428,96 €</i>	<i>8.250,35 €</i>
<i>Cuntis</i>	<i>124.615,65 €</i>	<i>105.923,30 €</i>	<i>9.969,25 €</i>	<i>8.723,10 €</i>
<i>Dozón</i>	<i>30.797,89 €</i>	<i>26.178,20 €</i>	<i>2.463,83 €</i>	<i>2.155,86 €</i>
<i>Fornelos de Montes</i>	<i>97.855,89 €</i>	<i>83.177,50 €</i>	<i>7.828,47 €</i>	<i>6.849,92 €</i>
<i>Pontecesures</i>	<i>58.120,04 €</i>	<i>49.402,03 €</i>	<i>4.649,60 €</i>	<i>4.068,41 €</i>
<i>Ribadumia</i>	<i>141.870,17 €</i>	<i>120.589,64 €</i>	<i>11.349,61 €</i>	<i>9.930,92 €</i>
<i>Rodeiro</i>	<i>263.604,34 €</i>	<i>224.063,68 €</i>	<i>21.088,35 €</i>	<i>18.452,31 €</i>
<i>Silleda</i>	<i>126.986,45 €</i>	<i>107.938,48 €</i>	<i>10.158,92 €</i>	<i>8.889,05 €</i>
<i>Tomiño</i>	<i>61.207,17 €</i>	<i>52.026,09 €</i>	<i>4.896,57 €</i>	<i>4.284,51 €</i>
<i>Cerdedo- Cotobade</i>	<i>175.697,48 €</i>	<i>149.342,85 €</i>	<i>14.055,80 €</i>	<i>12.298,83 €</i>
<i>Totais</i>	<i>1.198.617,11 €</i>	<i>1.018.824,49 €</i>	<i>95.889,36 €</i>	<i>83.903,26 €</i>

- A súa desagregación segundo o concepto do gasto reflíctese na seguinte táboa:

<b>CUSTO TOTAL DO PROXECTO</b>	
<i>Custo total da execución</i>	<i>893.123,56 €</i>
<i>Honorarios técnicos</i>	<i>33.200,00 €</i>
<i>Dirección facultativa</i>	<i>33.200,00 €</i>
<i>Subtotal (sen o IVE)</i>	<i>959.523,56 €</i>
<i>Subtotal (co IVE)</i>	<i>1.161.023,51 €</i>
<i>Control de calidade (IVE incluído)</i>	<i>32.038,05 €</i>
<i>Auditoría externa (IVE incluído)</i>	<i>5.555,56 €</i>
<i>Custo total elixible (co IVE)</i>	<i>1.198.617,12 €</i>
<i>Honorarios técnicos (sen o IVE)</i>	<i>33.200,00 €</i>
<i>Dirección facultativa (sen o IVE)</i>	<i>33.200,00 €</i>
<i>Custo de execución (sen o IVE)</i>	<i>750.524,00 €</i>
<i>Gastos xerais + beneficio industrial (13 % + 6 %)</i>	<i>142.599,56 €</i>
<i>Control de calidade</i>	<i>26.477,73 €</i>
<i>Auditoría externa</i>	<i>4.591,37 €</i>
<i>Custo total elixible (sen o IVE)</i>	<i>990.592,66 €</i>
<i>Custo total elixible (IVE incluído)</i>	<i>1.198.617,11 €</i>



- Unha vez concedida a axuda e aceptada, está previsto que se realice tanto a contratación coma a execución por parte desta Deputación provincial desde o exercicio 2023 ata o 2024 (18 meses), para o que será necesario dotar de crédito os orzamentos dos devanditos exercicios, de acordo co cronograma que se aprobe e segundo o seguinte cadro de financiamento:

Entidade	Execución (100 % do investimento elixible admitido)	Execución en 2023	Execución en 2024
Axuda concedida IDAE (85 %)	1.198.617,11 €	1.018.824,49 €	-
Achega máxima da Deputación (8 %)	95.889,36 €	95.889,36 €	-
Achega do concello (7 %)	83.903,26 €	83.903,26 €	-
Total	1.198.617,11 €	1.198.617,11 €	-

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Réxime xurídico

- Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; destinado a municipios de reto demográfico.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

### Consideracións xurídicas:

#### Instrución do expediente:

- De conformidade co previsto no artigo 12.6.a do Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, destinado a municipios de reto demográfico, para formular a solicitude deberase achegar o certificado acreditativo da resolución ou do acordo do órgano de goberno ou de representación competente da entidade solicitante no que, de forma expresa, se aproben a participación e aceptación expresa do procedemento regulado por este real decreto.



*Petición e evacuación de informes:*

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.*
- *Artigos 213 e seguintes do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Artigo 16 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do sector público local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.*
- *Bases 47.<sup>a</sup> e 48.<sup>a</sup> de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS, no que se establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

*Resolución do expediente:*

- *De conformidade co previsto no artigo 12.6.a do Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, destinado a municipios de reto demográfico; para formular a solicitude deberase achegar o certificado acreditativo da resolución ou do acordo do órgano de goberno ou de representación competente da entidade solicitante no que, de forma expresa, se aproben a participación e aceptación expresa do procedemento regulado por este real decreto.*
- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, no que na definición de subvención se vincula a disposición pecuniaria, entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver; o beneficiario deberá cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceron.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, no que se establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais.*
- *Artigo 4.2 do Real decreto 616/2017 polo que, no caso de presentación agrupada ou representada, deberá subscribirse un acordo, que inclúa, entre outras, as obrigas que asume cada parte. Para estes efectos, a Deputación comprometeuse a financiar unha porcentaxe das actuacións.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*

*Conclusións:*

*O proxecto PR-D5000-2021-000382 “Iluminación exterior sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño”, no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Programa DUS 5000), presentouse ante o IDAE pola Deputación de Pontevedra co obxecto de reducir o consumo de enerxía final de orixe fósil e as emisións de dióxido de carbono mediante a utilización de enerxías renovables destinadas a mellorar a*





calidade da contorna, o coñecemento do consumo enerxético mediante a reforma das instalacións municipais de iluminación, da iluminación e da sinalización exterior existentes e mediante o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Para o seu financiamento solicitouse unha axuda con cargo aos fondos NextGenerationEU (máximo do 85 % do custo elixible), que se completou cunha achega por parte da Deputación do 8 % de cada actuación incluída no proxecto e o importe restante achegárono os concellos da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño como concellos beneficiarios.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para iniciar o proxecto IDAE PR-D5000-2021-000382, denominado “Iluminación exterior sostible XV: renovación da iluminación exterior en diversas zonas dos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño” é necesario realizar a súa aprobación, e levar a cabo as operacións de xeración de crédito polo importe de 1.018.824,49 euros correspondentes á subvención concedida mediante a resolución de concesión de axudas do IDAE (número de proxecto PR-D5000-2021-000382) do 10 de agosto de 2023 e con número de entrada 2023016753 no rexistro da Deputación de Pontevedra.

Ao mesmo tempo, cómpre realizar as operacións de xeración de crédito polos importes de 83.903,26 euros para facerlle fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios aos concellos da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño.

Tamén é necesario efectuar as operacións oportunas para facerlle fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra por un importe de 95.889,36 euros.

Unha vez aceptada a concesión da axuda outorgada polo IDAE, iníciáanse os trámites para xerar crédito nas aplicacións correspondentes polo importe desta axuda e mais das achegas dos concellos.

En consecuencia, é necesario completar o financiamento do proxecto subvencionado mediante a concesión das axudas comprometidas pola Deputación aos concellos beneficiarios, que en total ascenden a 95.889,36 euros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a aceptación da axuda concedida polo IDAE ao proxecto PR-D5000-2021-000382 “Iluminación exterior sostible XV: renovación da iluminación exterior en diversas zonas dos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño” e a concesión das axudas comprometidas pola Deputación aos concellos beneficiarios no marco deste proxecto de acordo coa distribución do financiamento exposto nos antecedentes.

*Réxime competencial*

En virtude do establecido na base 16.ª.2 das de execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, polo que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Cooperación

Mariña Piñeiro Novo”





Segundo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefa do Servizo de Cooperación do 11 de agosto de 2023 e da Intervención provincial do 17 de agosto de 2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a axuda concedida ao proxecto IDAE PR-D5000-2021-000382 “*Iluminación exterior sostible XV: renovación da iluminación exterior en diversas zonas dos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño*” para a súa execución, mediante a resolución favorable do director xeral do IDAE, con número de rexistro de entrada 2023016753 na Deputación de Pontevedra, o 10 de agosto de 2023, por un importe de 1.018.824,49€; o total do investimento elixible admitido será de 1.198.617,11€.
- Aprobar o gasto para a anualidade 2023-2024 cos importes correspondentes dentro do total do proxecto en atención á seguinte táboa:

Entidade	Execución (100 % do investimento elixible admitido)	Execución en 2023	Execución en 2024
Axuda concedida polo IDAE (85 %)	1.198.617,11 €	1.018.824,49 €	-
Achega máxima da Deputación (8 %)	95.889,36 €	95.889,36 €	-
Achega do concello (7 %)	83.903,26 €	83.903,26 €	-
<b>Total</b>	<b>1.198.617,11 €</b>	<b>1.198.617,11 €</b>	<b>-</b>

- Aprobar que a súa execución se realice a través do módulo “*Proxecto de gasto*”, segundo o establecido na base 27.<sup>a</sup> das de execución do Orzamento provincial.
- Iniciar os trámites para a xeración de crédito polos importes da subvención concedida e polos importes das achegas dos *concellos da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño*, segundo se establece na base 11.<sup>a</sup> das de execución do Orzamento provincial, así como realizar as operacións contables necesarias correspondentes ao cofinanciamento da Deputación de Pontevedra, e abrir as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “*Proxecto de gasto*”.



- Aprobar a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao abeiro do proxecto PR-D5000-2021-000382 “*Iluminación exterior sostible XV: renovación da iluminación exterior en diversas zonas dos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño*” aos concellos beneficiarios e polos importes (achega da Deputación) que se relacionan a continuación:

Iluminación exterior sostible XV: renovación da iluminación exterior en diversas zonas dos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño	
Concello	Achega máxima da Deputación de Pontevedra
Cañiza, A	9.428,96 €
Cerdedo-Cotobade	9.969,25 €
Cuntis	2.463,83 €
Dozón	7.828,47 €
Fornelos de Montes	4.649,60 €
Pontecesures	11.349,61 €
Ribadumia	21.088,35 €
Rodeiro	10.158,92 €
Silleda	4.896,57 €
Tomiño	14.055,80 €
<b>Total</b>	<b>95.889,36 €</b>

- Autorizar e comprometer o gasto por importe de 95.889,36 € na aplicación 23/942.1650.652.15\_2021 do Orzamento provincial na que existe crédito suficiente e adecuado para facerlle fronte ao gasto.
- Esta subvención concédese con suxeición ás seguintes condicións:
  - o A efectividade do acordo de concesión quedará supeditada á data da firma do correspondente convenio de colaboración con cada concello beneficiario, no que se recollerán pormenorizadamente as actuacións concretas que se van desenvolver, os deberes e os dereitos das partes.
  - o As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, polo que non se poderá cambiar o destino nin a contía destas.
  - o Convén lembrar que o beneficiario deberá posuír todas as autorizacións sectoriais necesarias, así como as licenzas e os permisos preceptivos para executar o investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras da convocatoria.



- Segundo o asinado no acordo entre beneficiarios, os concellos adheridos ao proxecto IDAE PR-D5000-2021-000382 “*Iluminación exterior sostible XV: renovación da iluminación exterior en diversas zonas dos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño*” delegan na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos ou das asistencias técnicas que sexan necesarias para executar as actuacións que implican a redución do consumo de enerxía final de orixe fósil e as emisións de dióxido de carbono mediante a utilización de enerxías renovables destinadas a mellorar a calidade da contorna, o coñecemento do consumo enerxético mediante a reforma das instalacións municipais de iluminación, da iluminación e da sinalización exterior existentes e mediante o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).
  - Calquera outra obriga estipulada no referido acordo entre beneficiarios para o proxecto IDAE PR-D5000-2021-000382 “*Iluminación exterior sostible XV: renovación da iluminación exterior en diversas zonas dos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño*” nos respectivos convenios de colaboración, na normativa da Unión Europea de aplicación e nas súas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición e calquera outra disposición legal ou regulamentaria aplicable.
- Darlles traslado deste acordo aos concellos beneficiarios, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.32923.- ACEPTAR A RENUNCIA DE RAZA PALLEIRA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O DESENVOLVEMENTO DA “I L I G A I N D O O R E S C O L A R”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE 28/07/2023 (Expte. 2023023562)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 28 de xullo de 2023 unha subvención a favor da RAZA PALLEIRA, con NIF: G44551182, do *Concello de Nigrán*, por un importe de 850,67 €, para a “I L I G A I N D O O R E S C O L A R” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023045092 con data 21/07/2023 do citado club renunciando á subvención concedida pola imposibilidade de ofrecer garantías na realización de dita actividade, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



10.32924.- ACEPTAR A RENUNCIA DO C.D. ATLANTIGAS Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O DESENVOLVEMENTO DA “I MARCHA CICLOTURISTA ATLANTIGAS”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE 28/07/2023 (Expte.2023015052)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 28 de xullo de 2023 unha subvención a favor do CD ATLÁNTIGAS, con NIF: G27867571, do concello de Vigo, por un importe de 1.498,34 €, para a “IMARCHA CICLOTURISTA ATLÁNTIGAS” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023049011 con data 16/08/2023 do citado club renunciando á subvención concedida dado que dita actividade non se celebrou, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

11.32925.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

12.32926.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Vicepresidente segundo, sendo as once horas e quince minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Sr. Vicepresidente segundo, comigo, o Secretario Acctal. que dou fe.

